CPI AS MIRANDAS
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

## Curso 2022-2023

## CPI AS MIRANDAS



CPI AS MIRANDAS
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

# ÍNDICE

ÍNDICE........................................................................................................................2

**1. O Centro**.......................................................................................................3

**2. Obxectivos xerais**.......................................................................................4

**3. Distribución Horaria da actividade escolar**...................................................8

**4. Organización: Calendario escolar e Datas de avaliación**................................9

**5. LIBROS DE TEXTO CURSO 2022-2023**......................................................11

**6. PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS**......17

**7. Plans e Programas de Formación do Profesorado**.......................................19

**8. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN**.................................................................20

**9. Servizos Complementarios**.........................................................................22

**10. Plan Xeral da Avaliación do centro**...........................................................23

**11. Procedemento para avaliar a PXA**.............................................................24

**12. Cumprimento Procedemento de aprobación da PXA**...................................25

**13. ANEXOS:**...................................................................................................26

CPI AS MIRANDAS
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

# 1. O Centro

O CPI As Mirandas sitúase no número 4 da rúa Celso Emilio Ferreiro do concello de Ares. Atópase nunha parcela na que se combinan instalacións educativas e deportivas, un pavillón polideportivo e unha pista polideportiva, ambos cubertos, e dos que tamén fai uso o Centro.

O Centro encrávase na capital dun concello pequeno (18 km2 ), situado na península de Bezoucos, dentro do golfo Ártabro, ao sur de Ferrol e bañado polas tranquilas augas da ría de Ares, e cunha poboación que flutúa en torno aos cinco mil habitantes. Esta situación xeográfica explica tamén claramente o que foi e o que é o seu desenvolvemento económico, intimamente ligado a esa condición marítima. Primeiramente e ao longo de case todo o século pasado baseado na explotación dos recursos pesqueiros e os seus derivados, e na última parte do mesmo e no actual, baseado nun importante e rápido desenvolvemento do sector turístico

O CPI As Mirandas é un centro:

• Cun elevado número de alumnado e, dentro do mesmo, hai unha gran porcentaxe que precisa medidas de atención á diversidade para favorecer a inclusión social (alumnado estranxeiro, alumnado de exclusión social, alumnado con diferentes características e necesidades educativas especiais (TEA, TEL, trastornos de conduta...). Tamén nos atopamos con alumnado que sempre está disposto a aprender, cooperar, estudar e emprender proxectos novos aos que hai que dar resposta. Ante esta situación, dende o equipo directivo en colaboración co equipo docente e departamento de orientación consideramos que é fundamental o desenvolvemento de actuacións que interveñan na mellora do clima escolar e das relacións entre os membros da comunidade educativa así como colaborar nos novos proxectos solicitados tanto polo profesorado como polo alumnado .

• No presente curso académico incorporáronse 19 novos profesores, todo o profesorado está coordinado polas xefaturas de estudos, que presentan unha serie de intereses comúns, entre os que destaca a educación pública de calidade e a excelencia polo que consideramos como fortalezas a ampla participación tanto de alumnado como de profesorado nas titorías e nas diferentes materias para participar en os proxectos e que son sinais de identidade do noso centro. O cadro de persoal do profesorado é altamente participativo, comprometido coa formación permanente e implicado en numerosas actividades de formación do profesorado, o que trae como consecuencia directa a conformación dun equipo diversificado e formado que traballa de forma cooperativa.

Este dinamismo, coordinación e traballo cooperativo reflíctese nos resultados acadados durante todos estes anos en diversos proxectos, concursos, certames, PPFP, os concursos de relatos, fotografía,.. algúns en colaboración co Concello de Ares, ademais dos proxectos Europeos, ERASMUS+: KA101 e KA229 ; así como en proxectos que representan sinais de identidade do noso centro: Proxecto propio do centro que remata cunha Feira expositiva do traballado durante o curso coa participación de toda a Comunidade Educativa, Plambe, PFPP, Plans Proxecta, Concursos, etc...

## 2. Obxectivos xerais

No presente curso escolar queremos conseguir os seguintes obxectivos enmarcados dentro dos distintos ámbitos e aplicando as medidas nomeadas:

| OBXECTIVOS | ORGANIZACIÓN | | |
|---|---|---|---|
| **CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN/MEDIDAS** | **TEMPORALIZACIÓN** | **DESTINATARIOS** | **RESPONSABLES** |
| 1. **Facilitar un clima de confianza e de relacións humanas que faciliten o traballo diario.**<br>• Adoptar un estilo de convivencia que resalte os aspectos positivos do alumnado e do profesorado, que normalmente pasan desapercibidos sendo sempre os aspectos negativos os que teñen máis repercusión.<br>• Fomentar a información e o intercambio de ideas e establecendo a recollida periódica de suxestións de mellora na organización do centro.<br>• **Xestionar os conflitos e consideralos como un estímulo do proceso de diálogo e comunicación** | Ao longo do curso | Alumnado, profesorado e persoal non docente | Equipo directivo |
| 2 **Acoller adecuadamente ao alumnado de nova incorporación**.<br>• Aplicar o Plan de Acollida de alumnado nova incorporación: elaborado, en colaboración coas Xefaturas de Estudos, polo Departamento de Orientación. Neste Plan integraranse:<br>○ Plan de acollida ao alumnado estranxeiro<br>○ O Plan de Adaptación para o alumnado de E. Infantil. | No primeiro trimestre | Novo alumnado | Equipo directivo, profesorado, asesorado polo Dpto de Orientación |
| 3 **Mellorar a integración de todo o alumnado no seu grupo e no Centro.**<br>• Continuar participando nas actividades propostas polos Servizos Sociais do Concello de Ares relativas a habilidades sociais, educación para a convivencia, educación para a saúde, etc., así como a colaboración coa ANPA. | Ao longo do curso | Alumnado | A Comunidade Educativa |

CPI AS MIRANDAS
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

| | | | |
|---|---|---|---|
| • Traballar coa colaboración de todo o profesorado no coidado dos espazos de traballo, implicando ao alumnado.<br>• Fomentar os hábitos hixiénicos sanitarios e novas normas de conduta.<br>• Potenciar o establecemento de xogos, competicións deportivas, actividades colectivas, grupos de traballo de coidado do contorno, etc. nos recreos e determinados días de celebración. | | | |
| 4 **Poñer en práctica o Plan de Convivencia e velar polo seu cumprimento**.<br>• Facer coñecer e implicar a toda a comunidade educativa no Plan de Convivencia Escolar xa elaborado e dinamizar a súa posta en marcha.<br>• Continuar colaborando cos servizos sociais do Concello nos casos que se considere preciso. | Ao longo do curso | Comunidade Educativa | Equipo Directivo |
| 5. **Fomentar o desenvolvemento persoal, favorecendo a igualdade de xénero :**<br>• Continuar as actividades de titoría co alumnado: Charlas Plan Director.<br>• Dar a coñecer o plan de igualdade.<br>• Dinamizar as funcións dos delegados e delegadas de curso, coa colaboración do D. de Orientación e os titores e titoras e coa participación do alumnado.<br>• Potenciar as conmemoracións institucionais de datas sinaladas e relativas á igualdade de xénero, a non violencia | Ao longo do curso | Ao alumnado | Departamento de Orientación, titorías e equipo directivo |
| 6. **Apoiar o traballo do profesorado, aumentando a súa implicación na organización e funcionamento do Centro:**<br>• Favorecer a participación de todo o profesorado na toma de decisións que afecten á vida do Centro, estando sempre abertos ás iniciativas ou suxestións de mellora do Centro(Plans, proxectos, actividades...) | Ao longo do curso | Profesorado | O equipo directivo |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 7. **Colaborar activamente coa ANPA e o Concello.**<br>• Intercambiar informacións e coordinar as distintas actividades programadas e subvencionadas durante o curso escolar (festa fin de curso, actividades extraescolares e complementarias....) | Ao longo do curso | Alumnado | Equipo directivo |

| PEDAGÓXICO E DE PLANIFICACIÓN DOCENTE / MEDIDAS | TEMPORALIZACIÓN | DESTINATARIOS | RESPONSABLES |
|---|---|---|---|
| 1. **Mellorar o rendemento académico do alumnado:**<br>• Reforzar a aprendizaxe das técnicas instrumentais, favorecer os reforzos e desdobres nesas áreas<br>• Favorecer a coordinación dos titores e titoras co profesorado de apoio (P.T. e A.L.)<br>• Fomentar a lectura: Potenciar Plan Lector<br>• Atención á diversidade (RE, ACS, Plan de enriquecemento...); Impulsar os reforzos fóra da aula e desdobres.<br>• Solicitar a colaboración da orientadora familiar do Concello para axudar ao alumnado que non conta con apoio familiar<br>• Recoller información sobre as necesidades de comunicación telemática das familias<br>• Internacionalizar o centro: Proxecto Erasmus+ co CFR, Eduexchanges e Seccións bilingües. | Na Avaliación Inicial<br>Ao longo do curso<br>Ao longo do curso<br>Ao longo do cursos<br>No primeiro mes de incorporación ao centro<br>Ao longo do curso | Alumnado | Xefatura de estudos, equipo de Biblioteca, profesorado e Orientadora<br>Equipo directivo, CFR e Coordinadores dos diferentes países do proxecto |
| **2. Promover a utilización das novas tecnoloxías como recurso didáctico:**<br>• Impulsar as aulas Edixgal coa formación do profesorado, alumnado e familias<br>• Dinamizar a páxina WEB do Centro, a aula virtual e os diferentes blogs do centro así como a plataforma das contas @cpiares.com<br>• Aplicar o plan de acción do Plan Dixital | Ao longo do curso | Profesorado, alumnado e familias | Equipo directivo, coordinadora Edixgal, equipo TIC e CFR |

Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3. **Potenciar a utilización da lingua galega en todos os ámbitos:**<br>• Utilizar o galego en todos os documentos oficiais, comunicacións, convocatorias, etc.<br>• Velar polo cumprimento do Proxecto Sociolingüístico trala incorporación de seccións bilingües.<br>• Sensibilizar á comunidade educativa respecto ás vantaxes de contar cunha lingua propia: Audiovisuais en galego, potenciación da Semana das letras galegas | Ao longo do curso | Comunidade Educativa | Equipo de Dinamización Lingüística |
| **ÁMBITO ORGANIZATIVO E DE XESTIÓN/MEDIDAS** | **TEMPORALIZACIÓN** | **DESTINATARIOS** | **RESPONSABLES** |
| 1. **Impulsar o Plan de xestión do centro:**<br>• Informar dos criterios de financiamento das actividades complementarias e extraescolares, considerando a posibilidade de colaboración do Concello no financiamento de actividades docentes fóra do centro | Ao longo do curso | Comunidade Educativa | Equipo directivo e Concello |
| **2.Continuar coa estrutura organizativa propia do noso centro:**<br>• Dar a coñecer os horarios do equipo directivo.<br>• Planificar as reunións de todos os órganos.<br>• Favorecer a coordinación de todo o profesorado.<br>• Mellorar o intercambio de información entre as diferentes etapas educativas.<br>• Seguir impulsando a innovación e a mellora continua:<br>➢ Dando a coñecer á CCP e ao Claustro iniciativas de interese.<br>➢ Apoiando proxectos de innovación que redunden en beneficio do Centro. | A principio de curso<br><br>Ao longo do curso<br><br>Ao longo do curso | Comunidade Educativa<br><br>Profesorado<br><br>Profesorado | Equipo directivo |

CPI AS MIRANDAS
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

## 3. Distribución Horaria da actividade escolar

**HORARIO LECTIVO**

- A xornada escolar en Ed. Infantil e Primaria é xornada continuada de mañá, de 9:30 a 14:30h. e na ESO é de 9:30 a 14:50h de luns a venres e o luns pola tarde de 16:00 a 17:40h.

- Os horarios elaboráronse tendo en conta os seguintes criterios:
  - Aproveitamento máximo dos recursos humanos e das instalacións.
  - A adaptación do horario á dispoñibilidade das instalacións do centro.
  - A compatibilidade dos horarios de Educación Infantil, Primaria, e Secundaria.

- O horario lectivo de mañá dividirase :
  - Na ESO en 6 sesións de 50 minutos, incluída a formada polos 2 recreos de 10 minutos
  - En Primaria en 5 sesións, as 3 primeiras de 55m. e as 3 restantes de 50 minutos cun recreo de 30 minutos.
  - En Infantil, as franxas horarias se corresponden coas de primaria en primaria e recreo flexible.
  - O profesorado de Infantil e Primaria realizarán as quendas de recreo todos os días.

- As reunións do Departamento de Orientación establécense por separado, nunha sesión para Educación Infantil e Primaria, e outra sesión para Secundaria para unha maior operatividade.

- Coincidencia da sesión de Titoría dos cursos da ESO, para poder establecer actividades complementarias en conxunto.

- O horario do centro poderá modificarse en vésperas de Nadal, Entroido e último día lectivo, adiantando a saída ás 13:30h. debido á realización de actividades extraescolares e complementarias que varían o normal funcionamento do centro (non haberá comedor).

**HORARIO NON LECTIVO**

- O Centro abrirá dende as 7:30 h ata as 9:20h para levar a cabo o Programa **Almorzares,** organizado e xestionado pola ANPA. Polas tardes haberá actividades extraescolares organizadas pola ANPA (16:00 a 19:00h). No presente curso académico a ANPA está a organizar actividades extraescolares como: inglés, patinaxe e natación.

- Dende as 9:20h ata o comezo das clases haberá profesorado de garda nos portais de entrada ao recinto para atender ao alumnado de transporte escolar, así como nas distintas portas dos edificios. Os demais profesores estarán nas aulas, a partir das 09:20, para recibir ao alumnado, debido a que non se formarán filas no patio.

- As tardes dos luns, os mestres de educación infantil e primaria teñen as titorías de familias e as reunións de coordinación.

- As tardes dos martes, resérvanse para as reunións dos diferentes órganos colexiados: CCP, Claustros, Consello Escolar.

- As tardes dos **mércores**, para as actividades de formación do profesorado.

- **Horario de atención ao público**

| Cargo/Departamento | Horario |
|---|---|
| Oficina administrativa | De luns a venres de 9:30 a 13:30h |
| Secretaría | Previa cita, chamando ao teléfono do Centro ou por correo electrónico. |
| Dirección | |
| Xefaturas de Estudos | |
| Orientadora | |
| Profesorado titor | Previa petición de hora no horario establecido e informado ás familias na 1ª reunión. |
| Encargada do comedor | 15:30h |

## 4. Organización: Calendario escolar e Datas de avaliación

O Calendario Escolar para o curso 2022-2023 está regulado pola :

*"ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia publicada o venres, 2 de xuño de 2022"*

Recordando que os **períodos lectivos** serán:

1. **Infantil e Primaria e Secundaria**: Do 8 de setembro de 2022 ao 21 de xuño de 2023 (ambos inclusive).
2. As **vacacións** :
   - **Nadal**: desde o día 23 de decembro de 2022 ata o día 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.
   - **Entroido**: días 20, 21 e 22 de febreiro.
   - **Semana Santa**: desde o día 3 ata o 10 de abril de 2023, ambos inclusive.
   - Os **días festivos**, os establecidos no Calendario laboral a nivel estatal e autonómico e, ademais, o **día 31 de outubro (día do Ensino).**
   - Os días **festivos locais** son **22 de febreiro(mércores de cinza) e 30 de maio (Voto de Chanteiro) do 2023**
   - Tal como se recolle na Orde anteriormente mencionada ó abeiro do artigo 7.2 o Consello Escolar en sesión ordinaria do 27 de setembro de 2022, acordou solicitar como **día non lectivo do centro o 2 de maio de 2023**

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CPI As Mirandas
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

No Claustro do día 27 de setembro aprobáronse as seguintes **datas de AVALIACIÓNS:**

| E.I. e E.P. | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **AVALIACIÓNS** | **CURSOS** | **DATA** | **HORA** | **ENTREGA DE NOTAS** |
| **1ª AVALIACIÓN** | INFANTIL | 5 DECEMBRO | A partir das 16:30h | **22 DECEMBRO** ENTREGA DE NOTAS |
| | 1º , 2 e 3º E.P. | 12 DECEMBRO | | |
| | 4º, 5º e 6º EP | 13 DECEMBRO | | |
| **2º AVALIACIÓN** | INFANTIL | 13/03/22 | A partir das 16:30h | **31 MARZO** ENTREGA DE NOTAS |
| | 1º , 2 e 3º E.P. | 20/03/22 | | |
| | 4º, 5º e 6º EP | 21/03/22 | | |
| **3º AVALIACIÓN** | INFANTIL | 5 XUÑO | A partir das 16:30h | **21 XUÑO** ENTREGA DE NOTAS. |
| | 1º , 2 e 3º E.P. | 12 XUÑO | | |
| | 4º, 5º e 6º EP | 13 XUÑO | | |

| E.S.O | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **AVALIACIÓNS** | **CURSOS** | **DATA** | **HORA** | **ENTREGA DE NOTAS** |
| **AVALIACIÓN INICIAL** | 1º E 2º ESO + alumnado novo de 3º e 4º ESO | 4 OUTUBRO | 16:30H | |
| **1ª PREAVALIACIÓN** | 1º a 4º ESO | 25 OUTUBRO | 16:30H | |
| **1ª AVALIACIÓN** | 1º a 4º ESO | 29 NOVEMBRO | 16:30 | **1 DECEMBRO** ENTREGA DE NOTAS . |
| **2ª PREAVALIACIÓN** | 1º a 4º ESO | 7 FEBREIRO | 16:30 | |
| **2º AVALIACIÓN** | 1º a 4º ESO | 14 MARZO | 16:30H. | **16 MARZO** ENTREGA DE NOTAS |
| **3ª PREAVALIACIÓN** | O profesorado achegará a información aos titores a semana do 8 ao 12 maio | | | |
| **3º AVALIACIÓN E ORDINARIA** | 1º a 4º ESO | 6 XUÑO | 16:30H. | **8 XUÑO** ENTREGA DE NOTAS Ás 13:30h |
| **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA** | 1º A 4º ESO | 22 XUÑO | | **23 XUÑO** |

CPI AS MIRANDAS
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

## 5. LIBROS DE TEXTO CURSO 2022-2023

| CURSO E ETAPA | Área / Materia/ Ámbito/Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 4º Ed. Infantil | | Matemáticas1<br>Ed. SM 2013 | 9788467549065 | Castelá |
| | | Matemáticas 2<br>Ed. SM. 2013 | 9788467549072 | Castelá |
| | | Religión Católica. Ed. Anaya. 2012 | 9788467815917 | Castelá |

| CURSO E ETAPA | Área / Materia/ Ámbito/Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| 5º Ed. Infantil | | ¡Cuánto sabemos! LA ABEJA (Nivel 2)<br>Ed Santillana2018 | 9788414112274 | Castelá |
| | MATEMÁTICAS | Matemáticas 3<br>Ed.SM.2013 | 9788467551822 | Castelá |
| | | Matemáticas 4<br>Ed. SM. 2013 | 9788467551839 | Castelá |
| | | Matemáticas 5<br>Ed. SM. 2013 | 9788467551846 | Castelá |
| | RELIXIÓN | Religión Católica. Ed. Anaya.2012 | 9788467815924 | Castelá |
| | | | | |

CPI AS MIRANDAS
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

| CURSO E ETAPA | Área / Materia/ Ámbito/Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 6º E.I. (5 anos) | | **¡Cuánto sabemos!LA ABEJA (Nivel 3)**<br>**Ed. Santillana 2018** | **978414112311** | **Castelá** |
| | MATEMÁTICAS | **Matemáticas 6**<br>**Ed.SM.2013** | **9788467551853** | **Castelán** |
| | | **Matemáticas 7**<br>**Ed. SM. 2013** | **9788467551860** | **Castelán** |
| | | **Matemáticas 8**<br>**Ed. SM. 2013** | **9788467551877** | **Castelán** |
| | RELIXIÓN | **Religión Católica. Ed. Anaya.2012** | **9788467815931** | **Castelán** |
| | | | | |
| | | | | |
| **CURSO E ETAPA** | Área / Materia/ Ámbito/Módulo | **Título, autor, editorial e ano de publicación** | **ISBN** | **Lingua da edición** |
| 1º Prim | LINGUA CASTELÁ | **Lengua 1. OPERACIÓN MUNDO .**<br>**Ed ANAYA** | **9788414317266** | **castelá** |
| | MATEMÁTICAS | **Matemáticas 1. OPERACIÓN MUNDO .**<br>**ANAYA** | **9788469893517** | **castelá** |
| | INGLÉS | **KIDS CAN! Pb&ExtraFun e Pk**<br>**Ed. Macmillan E.L.T.** | **9781380051660** | **inglés** |
| | | | | |

CPI As Mirandas
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

| CURSO E ETAPA | Área / Materia/ Ámbito/Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 2º PRIM. | **LINGUA CASTELÁ** | **LENGUA. SH Contigo Mochila Ligera Ed. SANTILLANA** | **9788468047461** | castelá |
| | **MATEMÁTICAS** | **MATEMÁTICAS. SH Contigo Mochila Ligera Ed. SANTILLANA** | **9788468047478** | castelá |
| | **INGLÉS** | **NEW TIGER 2 Pb App Navio Edit. Macmillan E.L.T.** | **9781380011183** | inglés |
| | | | | |
| | | | | |

| CURSO E ETAPA | Área / Materia/ Ámbito/Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 3º PRIM | **MATEMÁTICAS** | Construyendo mundos. Mochila ligera Editorial, SANTILLANA, 2022 | **9788468071367** | castelá |
| | **CIENCIAS NATUREZA** | Construíndo mundos. Mochila lixeira Editorial, SANTILLANA, 2022 | **9788491854104** | galego |
| | **LINGUA CASTELÁ** | Construyendo mundos. Mochila ligera Editorial, SANTILLANA, 2022 | **9788468072012** | castelá |
| | **L. INGLESA** | **All About Us Now 3. Activity Book+ ALK with Digital Book Ed. Oxford University Press.** | **9780194073844** | **Inglés** |
| | | **All About Us Now 3 Class Book with Digital Book Ed Oxford University Press,.** | **9780194074650** | **Inglés** |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

| CURSO E ETAPA | Área / Materia/ Ámbito/Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 4º Ed. Primaria | L Castelá | LENGUA CASTELLANA TRIMESTRAL SAVIA-15<br>Pablo Barrena, Begoña Carvajal, María Duque<br>ED. SM 2015 | 9788467575385 | Castelá |
| | Matemáticas | MATEMÁTICAS TRIMESTRAL SAVIA-15 ED. SM<br>Javier Bernabeu, Mercedes Garín, José Gabriel Díaz Fuentes... Ed. 2015 | 9788467575408 | Castelá |
| | Ciencias Naturais | CIENCIAS DA NATUREZA INTEGRADO CELME-15 ED. SM<br>Alicia Soria, Juan Miguel Hidalgo e Vicente Moratalla ed. 2015 | 9788498545289 | Galego |
| | L. Inglesa | | | Inglés |
| | | ALL ABOUT US 4 AB PKALL<br>Ed. Oxford University Press | 9780194562256 | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

**En 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º ESO - EDIXGAL**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CPI As Mirandas
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

| CURSO E ETAPA | Área / Materia/ Ámbito/Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 3º ESO | **L. CASTELÁ** | 3 ESO LENGUA Y LITERATURA<br>Construyendo mundos<br>Ed Santillana 2022 | **9788468049502** | castelá |
| | **LINGUA E LITERATURA GALEGA** | Lingua e Literatura 3º ESO".<br><br>Editorial Xerais 2022 | **9788491218708** | galega |
| | **XEOGRAFÍA E HISTORIA** | Xeografia e Historia 3 de ESO. Editorial Anaya. M.Burgos, M.C. Muñoz - Delgado | **9788468231235** | galega |
| | **MATEMÁTICAS** | GENIOUX- MERCEDES DE LUCAS BENEDICTO, MIRIAM PEÑA ROMANO, MARÍA JOSÉ REY FEDRIANI<br>Ed. OXFORD- 2022 | **9780190536695** | castelá |
| | **EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL** | Sen libro de texto | | |
| | **FRANCÉS** | TRANSIT 3<br><br>Ed. SANTILLANA 2022 | **9788490494523** | francés |
| | | TRANSIT 3- CAHIER D'EXERCICES<br><br>Ed. SANTILLANA 2022 | **9788490494530** | |
| | **INGLÉS** | **"BURLINGTON TEAMWORK ESO 3 STUDENT'S BOOK" EDITORIAL: BURLINGTON AUTORES: EMILY DEVLIN / ROBYN SHAW** | 9789963516971 | inglés |
| | **MÚSICA** | **Sen libro de texto** | | |
| | **FÍSICA E QUÍMICA** | **3 ESO FISICA Y QUIMICA, CONTRUYENDO MUNDOS, EDITORIAL SANTILLANA 2022** | **9788414400050** | castelá |
| | **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA** | **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO. Ed. ANAYA 2022** | **9788414306727** | galega |
| | **TECNOLOXÍA** | **Sen libro de texto** | | castelá |
| | **VALORES ÉTICOS** | **Sen libro de texto** | | galega |
| | **RELIXIÓN CATÓLICA** | **Sen libro de texto** | | galega |
| | **CULTURA CLÁSICA** | **Sen libro de texto** | | galega |

Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

| CURSO E ETAPA | Área / Materia/ Ámbito/Módulo | Título, autor, editorial e ano de publicación | ISBN | Lingua da edición |
|---|---|---|---|---|
| 4º ESO | LINGUA CASTELÁ | Lengua castellana y Literatura 4º ESO. Alfredo Reina, Emilia Navarro, Alicia Torres. Ed. Casals, 2016 | 9788421860953 | castelá |
| | FRANCÉS | PROMENADE 4 ESO - SM - HACHETTE - 2015 - LIVRE DE L'ÉLÈVE | 9788467578034 | francés |
| | FRANCÉS | PROMENADE 4 ESO - SM - HACHETTE - 2015 - LIVRE D'ACTIVITÉS | 9788467578041 | francés |
| | INGLÉS | BURLINGTON NEW ACTION - STUDENT´S BOOK, Caroline McDonal, Emily Devlin, Ed. Burlington Books, 2016 | 9789963517039 | inglés |
| | INGLÉS | BURLINGTON NEW ACTION - WORKBOOK, Caroline McDonald, Emily Devlin, ED. Burlington Books, 2016 | 9789963517046 | inglés |
| | MATEMÁTICAS-Aplic. | "Matemáticas aplicadas"Mª Presentación García López y Pedro Ortega Pulido.EDELVIVES. 2016 | 9788414003022 | castelá |
| | MATEMÁTICAS Acad. | "Matemáticas orientadas a las enseñanzas académicas". L.Pancorbo Palenzuela-G.Ruiz Bueno. Vicens Vives. 2016 | 9788468235752 | castelá |
| | L. GALEGA | "Lingua e Literatura 4º ESO"Ana Iglesias Álvarez,Anaír Rodríguez Rodríguez, Miguel Louzao Outeiro, Xabier Campos Villar, Xosé Manuel Moo Pedrosa. Editorial XERAIS, 2016 | 9788491210245 | galega |
| | XEOGRAFÍA E HISTORIA | Xeografía e Historia 4º de ESO, M Burgos, M.C. Muñoz-Delgado. Ed Anaya | 9788469812556 | galega |
| | FÍSICA E QUÍMICA | Física y Química. Proyecto Saber Hacer. Serie Investiga. Ed. Santillana. Año 2016 | 9788468037905 | castelá |
| | BIOLOXÍA E XEOLOXÍA | Bioloxía e Xeoloxia 4º ESO, VVAA, Anaya, 2016 | 9788469812532 | galega |
| | | | | |
| | TECNOLOXÍA | Sen libro de texto | | |
| | EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL | Sen libro de texto | | galega |
| | MÚSICA | Sen libro de texto | | galega |
| | CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL | Ciencias aplicadas a la actividad profesional. Proyecto Saber Hacer. Serie Investiga. Ed. Santillana. Año 2016. | 9788468037936 | castelá |
| | INICIACIÓN Á ACTIVIDADE | Saber Hacer- Ed. Santillana | 9788468018775 | galega |

| | | | |
|---|---|---|---|
| EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL | | | |
| ECONOMÍA | **Sen libro de texto** | | castelá |
| LATÍN | **Sen libro de texto** | | galega |
| RELIXIÓN CATÓLICA | **Sen libro de texto** | | galega |
| TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN | **Sen libro de texto** | | castelá |
| VALORES ÉTICOS | **Sen libro de texto** | | galega |

# 6. PROGRAMA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

As Actividades Extraescolares e Complementarias que se realizan neste centro e nas que participan todo o alumnado e profesorado do centro fomentan a mellora da convivencia, a igualdade de oportunidades, a socialización, cooperación e participación activa de todos os membros desta Comunidade Educativa.

**A Xefa do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares é Andrea Fraga Fernández.** Coordina as actividades extraescolares e complementarias de EI e EP. E as do centro en xeral

- **Actividades de todo o centro:** Magosto, Carreira Solidaria, Día da Paz, Entroido, Día da non violencia, Día da Muller traballadora...
- **Actividades de infantil e Primaria**: Obradoiros, contacontos...

Os departamentos en Secundaria encárganse de organizar as actividades extraescolares e complementarias que se inclúen nas súas programacións coordinados pola xefatura de estudos.

CPI AS MIRANDAS
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

Outras conmemoracións:

| CONMEMORACIÓN | DATA INICIO | DATA FIN |
|---|---|---|
| Día Universal da Infancia | 20/11/2022 | 20/11/2022 |
| Día Internacional contra a Violencia de Xénero | 25/11/2022 | 25/11/2022 |
| Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia | 30/11/2022 | 07/12/2022 |
| Día Internacional das Persoas con Discapacidade | 03/12/2022 | 03/12/2022 |
| Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos | 10/12/2022 | 10/12/2022 |
| Día Internacional da Educación | 24/01/2023 | 24/01/2023 |
| Día de Rosalía de Castro | 24/02/2023 | 24/02/2023 |
| Día Escolar da non Violencia e da Paz | 30/01/2023 | 30/01/2023 |
| Día Internacional da Muller | 08/03/2023 | 08/03/2023 |
| Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais | 06/03/2023 | 10/03/2023 |
| Día Mundial dos Dereitos do Consumidor | 15/03/2023 | 15/03/2023 |
| Día Mundial da Saúde | 07/04/2023 | 07/04/2023 |
| Día Internacional contra o Acoso Escolar | 02/05/2023 | 02/05/2023 |
| Día de Europa | 09/05/2023 | 09/05/2023 |
| Semana das Letras Galegas | 15/05/2023 | 19/05/2023 |
| Día Mundial do Medio Ambiente | 05/06/2023 | 05/06/2023 |

Este programa para o curso 2022-2023 está contemplado no **Anexo I** e estará aberto a outras actividades que podan xurdir ao longo do curso escolar.

Excursións fin de curso, autofinanciadas polo alumnado e familias:

- Saídas de todos os cursos de Primaria a final de curso
- Excursión de 6º EP
- Excursión de 4º ESO ???

# 7. Plans e Programas de Formación do Profesorado

O profesorado deste centro ten solicitados e aprobados diferentes cursos de formación organizados e establecidos no Plan de Formación Permanente do Profesorado (FPROFE):

| PARTICIPACIÓN EDUCATIVA | EDULINGÜE | EDUDIXITAL |
|---|---|---|
| ❖ **Contratos Programa:**<br>○ **EDU-INNOVA-EDUSostibilidade**<br>○ **PROA + (6º EP)** | ❖ **Seccións Bilingües**<br>○ 2 en 5º EP (Plástica)<br>❖ **Eduexchanges**<br><br>Auxiliar de conversa | ❖ **Edixgal**<br>○ 5º e 6º EP<br>○ 1º e 2º ESO |
| | | ❖ **Robótica**<br>○ **4º e 6º EP** |

- **PROGRAMAS INTERNACIONAIS : ERASMUS+**

  - ❖ **Erasmus+ KA 101- (coordinado polo CFR de Ferrol): TIC-TAC**

- **PLAMBE –** Coordinadora Mª Concepción Cambeiro

- **PROPIOS DO CENTRO**

  - ***Proxecto de centro: Temática: DANZAS DO MUNDO e/ou ECOSISTEMAS LOCAIS***

- **PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO:**

A Coordinadora**, ...........................,** anima ao profesorado a participar nalgún ou en todos os itinerarios que se presentan:

- 1 **Grupo de traballo**: EduInnova- EduSostibilidade (20h). Coordinadora Carmen Canedo Aldao
- 1 **Seminario**: Liña TIC: Dinamización das tic. Coordinadora María Calvo
- 1 **GT** : Internacionalización do centro. Coordinadora Mª Josefa Seijo Bellón
- 1 **Grupo de traballo** (20h) : Plan de mellora na xestión do centro educativo. Coordinadora Mª Blanca Cortizas Gómez.
- **1 Grupo de traballo** (20h): Escola de nais e pais. Mellora da convivencia escolar. Cordinadora Mª Blanca Cortizas Gómez.

CPI As Mirandas
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

## 8. EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN

| DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA | |
|---|---|
| Yolanda Castro López | COORDINADORA |
| Concepción Cambeiro | AL |
| Maica Canedo | (EI) |
| Lucía Seoane | 1º EP |
| Lucía Paz | 4º EP |
| Bárbara Sánchez | EI,EP |
| Rocío Pena | ESO |
| Tino Seco | ESO |
| Blanca Cortizas | Directora |

| EQUIPO DE FORMACIÓN | |
|---|---|
| Blanca Cortizas | Coordinadora do PFPP |
| Maica Canedo | **Eduinnova-EduSostibilidade** |
| María Calvo | **Dinamización TIC** |
| Mª Josefa Seijo Bellón | **Internalización do centro** |
| Blanca Cortizas | **Plan de Mellora** e Membro do equipo directivo |

| EQUIPO DE BIBLIOTECA | |
|---|---|
| Conchi Cambeiro | Coordinadora |
| Mamen Calvo | EP |
| M. Carmen Moares Ares | EP |
| Pacucha Pérez Bouza | EP |
| Bárbara Sánchez | EP |
| Belén Amparo Jiménez | EP |
| Tino Seco | ESO |
| Ángela Cobo | ESO |
| Sonia Salceda Millarengo | ESO |
| Carme López López | ESO |

Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

| EQUIPO TIC | |
|---|---|
| María Calvo Rodríguez | Coordinadora TIC |
| Diego Calvo Hermida | ESO |
| Bárbara Sánchez Lorenzo | EP |
| Fernando Fraga Vázquez | EP |
| Blanca Cortizas Gómez | ESO |
| Yolanda Castro López | ESO |
| Faustino Seco Penedo | ESO |

| PRACTICUM – MÁSTER PROFESORADO e TITORÍAS | |
|---|---|
| Mª Blanca Cortizas Gómez | Coordinadora |
| Ana Arnoso Fabal | INFANTIL |
| Carmen Canedo Aldao | INFANTIL |
| Carmen Regueira Sánchez | INFANTIL |
| Mª Mercedes Lestayo Brage | INFANTIL |
| Noelia Carballo | INFANTIL |
| Mª Concepción Cambeiro López | AUDICIÓN E LINGUAXE |
| Mª del Rosario Gómez Costas | PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA |
| Mª Carmen Calvo Llano | PRIMARIA |
| Paula Peinado Rodríguez | PRIMARIA |
| Pacucha Pérez Bouza | INGLÉS EI/EP |
| Fernanda Martínez Sixto | PRIMARIA |
| Lucía Paz Rocha | PRIMARIA |
| Carmen Moares Ares | PRIMARIA |
| Lucía Seoane Torrente | PRIMARIA |
| Ana Mª Salido | PRIMARIA |
| Mª Josefa Seijo Bellón | INGLÉS PRIMARIA |
| Victor Rodríguez Saavedra | EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL |
| Ángela Mª Cobo Fernández | LINGUA CASTELÁ ESO |
| Ánxela Martinez Cortizas | BIOLOXÍA E XEOLOXÍA |
| Mª Belén Morón Ríos | MATEMÁTICAS |
| Faustino Seco Penedo | EDUCACIÓN FÍSICA |

CPI As Mirandas
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

# 9. Servizos Complementarios

## O COMEDOR ESCOLAR

O comedor do centro ofrece servizo de almorzo (Almorzares) e de xantar. A xestión do almorzo corresponde ao ANPA. O horario é de 7:30 a 9:15h

A xestión do xantar é de competencia da Consellería de Educación, exercida conxuntamente pola Dirección e o Consello Escolar do centro. Actualmente **o nº de alumnado usuario** deste servizo serán **220** incrementándose con respecto ao curso anterior por cedernos a sala da ANPA**.**

O servizo de comedor ten unha persoa encargada: Dna Ana Arnoso Fabal (mestra de infantil) e **10 colaboradores**:

8 profesores: Josefina Martínez Martínez; Sonia Tojo (mestras de E.I.), Fernanda Martínez Sixto, Belén Amparo Jiménez, Francisca Josefa Pérez Bouza, Mª Concepción Cambeiro López (mestras de EP), Victor Rodríguez Saavedra, Faustino Seco Penedo (profesores da ESO);

O conserxe, Alberto Escudero.

O Horario do xantar é de 14:30 a 15:30h.en 3 quendas:

- De 14:30 a 15:20h todo o alumnado de infantil.- (48)
- De 14:30 a 15:00h. Todo o alumnado de Primaria. (101)
- De 15:00 a 15:30h. Todo o alumnado da ESO (65)

Véase: **Protocolo e Normativa de uso do servizo de comedor. (AnexoII)**

## O TRANSPORTE ESCOLAR

Temos 2 rutas de transporte escolar:

- De Redes (Pedregal) ata Ares (CPI) con 7 paradas.
- De Chanteiro (Chanteiro Praia) a Ares (CPI) con 10 paradas .

En cada ruta hai unha acompañante para o coidado do alumnado no transporte. A empresa de transporte está xestionada pola Consellería de Educación e concedida a MOMBÚS S.L.

# 10. Plan Xeral da Avaliación do centro

**AVALIACIÓN EXTERNA**

As avaliacións de diagnóstico, se as realizan, o curso pasado non se levaron a cabo.

O informe de resultados desta avaliación consta dunha puntuación acadada polo alumno en cada unha das competencias avaliadas en relación coa media de Galicia e a media dos centros que pertencen ao mesmo estrato socioeconómico e cultural, polo que daranos unha referencia para tomar decisións sobre a mellora do desenvolvemento do currículo das etapas.

**AVALIACIÓN INTERNA**

**Avaliación dos Documentos de Planificación Docente**

- PXA
- PAT
- Plan de Convivencia
- Plan Atención á diversidade
- Plan de Igualdade
- Proxecto Lingüístico de centro
- Plan Lector
- Plan Dixital
- Plan de Igualdade

**Avaliación dos Proxectos**

- Edixgal
- Seccións Bilingües
- Plambe
- Erasmus+
- Proxecto de centro: ***DANZAS DO MUNDO***

**Avaliación do rendemento escolar do alumnado**

Os resultados das avaliacións individuais do noso alumnado servirán de referencia para a adopción de medidas correctoras da actividade docente:

- Informes de avaliación inicial
- Informes de avaliación trimestral.
- Informes de avaliación final, ordinaria e extraordinaria.

CPI As Mirandas
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

## 11. Procedemento para avaliar a PXA

A CCP, reunirase periodicamente (reunións de EI,EP e ESO), para facer un seguimento das medidas aplicadas cara a consecución dos obxectivos propostos na PXA.

O Claustro do profesorado valorará o grado de cumprimento dos obxectivos e establecerá propostas de mellora se é preciso.

A Memoria Anual, ao remate de cada curso, recollerá os resultados da avaliación final: grado de consecución dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas e dos recursos aportados, análise dos resultados das avaliacións finais en canto á consecución das competencias básicas do noso alumnado e propostas de mellora cara ao seguinte curso escolar.

CPI As Mirandas
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

## 12. Cumprimento Procedemento de aprobación da PXA

Dna. Francisca Josefa Pérez Bouza, secretaria do CPI As Mirandas de Ares

**CERTIFICA:**

Que na xuntanza do Consello Escolar, celebrada o día 27 de setembro de 2022, foi aprobada a Programación Xeral Anual para o curso 2022-2023.

E para que conste, expido e asino a presente certificación.

En Ares, a 28 de setembro de 2022

Sinatura

Dna. Francisca Josefa Pérez Bouza

CPI As Mirandas
Av. Celso Emilio Ferreiro 4, 15624 Ares
cpi.asmirandas@edu.xunta.es
881930020 (Fax 881930027)

## 13. ANEXOS:

*I PLAN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2022-2023*

*II NORMATIVA DE COMEDOR ESCOLAR CURSO 2022-2023*

*IV PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA*

*V PLAN DE CONVIVENCIA*

*VI PLAN DE IGUALDADE*

*VII PLAN DIXITAL DO CENTRO*

*VIII ADENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO*

*IX PLAN ECONÓMICO E ORZAMENTO*

*X PLAN DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS*